



CONCELLO DE O PINO

Identificación Fiscal P1506700B

Telf. 981 511 002 • Fax 981 511 123 • Rúa do Concello s/n • 15821 O PINO (A CORUÑA) • www.concellodeopino.com



ASUNTO: MEMORIA DE NECESIDADE DO CONTRATO DE ASESORAMENTO XURÍDICO EN MATERIA DE CONTRATACIÓN DO EXCMO. CONCELLO DE O PINO

1.- Necesidade da contratación:

Que tal e como se expuxo na providencia de data 02 de febreiro de 2021 o Concello ten a necesidade de contratar o servizo de ASESORAMENTO XURÍDICO, DEFENSA XURÍDICA E REPRESENTACIÓN DO EXCMO. CONCELLO DE O PINO.

A complexidade introducida Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 precisa un alto nivel de formación, profesionalización e especialización, facendo especialmente difícil de compatibilizar o quefacer diario do persoal do Concello coa tramitación de expedientes de contratación, máxime se se quere aproveitar as oportunidades que ofrece o novo modelo de contratación pública e utilizar a mesma de maneira estratéxica en prol das políticas sociais, ambientais e de innovación que garantan un futuro sostible, o que pode producir unha retardación no funcionamento de toda a organización e particularmente afectar á correcta execución dos orzamentos. Tamén o aumento no número de expedientes a tramitar e como se dixo a complexidade que presentan moitos dos mesmos, faise necesario contar coa asistencia dunha empresa, con experiencia e especialización en contratación pública, que redacte a documentación propia de cada expediente e asesore na súa tramitación., facéndose necesaria por tanto a contratación de servizos co que se poida afrontar con garantías a regular licitación de contratos por parte deste Concello.

Trátase dun servizo necesario, non dispoñendo o Concello do Pino de suficientes e idóneos medios persoais e materiais para poder prestalo con medios propios, xa que doutro xeito non se podería dar cumprimento as necesidades derivadas da LCSP.

2.- Contido - Obxecto do contrato:

En todo caso, entenderanse comprendidos dentro do obxecto deste contrato a prestación dos seguintes servizos e actividades:

- Redacción de pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas
- Asistencia na tramitación de expedientes de contratación.
- Elaboración de documentación administrativa en materia de contratación
- Asesoramento no uso da Plataforma de Contratación do Estado
- Apoio e asistencia á mesa de contratación.

- Emisión de informes xurídicos, en materia de contratación. Como regra xeral infórmos/ditames deberán ser emitidos no prazo de dez días hábiles, salvo que, por razón da complexidade ou volume do informado, autorícese ou se determine outro máis amplo na petición de informe ou se amplíe posteriormente.
- O contratista manterá unha dispoñibilidade permanente de contacto coa Administración, a instancia desta, e asesoraráa presencialmente de maneira oral ou por escrito en cantas cuestións xurídicas de interese municipal séxanlle expostas relacionadas co obxecto do contrato.
- Deberá asistir a reunións periódicas coa secretaria do Concello polo menos dúas vez á semana en horario de 9:00 a 15.00 e cantas veces sexa requirido para iso. A asistencia presencial mínima esixida (2 días á semana) deberá ser prestada polo letrado responsable do servizo o cal deberá contar con polo menos 3 anos de experiencia no exercicio da profesión. Os días de asistencia serán establecidos polo Concello.
- Asesoría xurídica permanente, en materia de contratación

3.- Duración:

1 ano con posibilidade de prórroga de 4 anos.

4.- Xustificación do procedemento empregado:

A contratación da execución do proxecto verificarase de conformidade co artigo 156 da LCSP, mediante procedemento aberto.

5.- Valor estimado, orzamento de licitación e aplicacións orzamentarias:

El presupuesto base de licitación asciende a la cantidad de 19.750,00€ más 4.17,50€ correspondientes al IVA, ascendiendo a un total de 23.897,50€ para la duración del contrato.

El valor estimado del presente contrato, 1 año de duración más sus posibles prórrogas, asciende a 98.750,00€ desglosado del siguiente modo:

ANUALIDAD	BASE IMPONIBLE	IVA (21%)	TOTAL
2021	19.750,00	4.147,50	23.897,50
2022	19.750,00	4.147,50,	23.897,50
2023	19.750,00	4.147,50,	23.897,50
2024	19.750,00	4.147,50,	23.897,50
2025	19.750,00	4.147,50,	23.897,50

Partida orzamentaria: 92022799

6.- Lugar de prestación:

Concello de O Pino.

7.- División en lotes:

División en lotes: No. A tenor do artigo 99.3 apartado b) de la Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos del Sector Público. Xustifícase a non división en lotes xa que se prega un asesoramento integral e especializado na materia evitándose así posibles discordancias na prestación do servizo e asegurando a calidade do mesmo

8.- Responsable do Contrato:

Don Manuel Taboada Vigo

9.- Órgano de contratación:

O órgano de contratación competente é a Xunta de Gobierno Local.

10.- Criterios de solvencia e adjudicación:

Criterios de solvencia

a) Solvencia económica financiera

Para ser adxudicataria do presente contrato de servizos, a acreditación da solvencia económica, financeira realizarase polos medios establecidos na LCSP tales como o volume anual de negocios, ou ben volume anual de negocios no ámbito ao que se refira o contrato, por importe igual ou superior ao esixido no anuncio de licitación ou na invitación para participar no procedemento e nos pregos do contrato ou, na súa falta, ao establecido regulamentariamente; Existencia dun seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe igual ou superior ao valor estimado do contrato.

b) Solvencia técnica o profesional

La solvencia se acreditará pola intervención en procedementos e titulacións

Criterios de adxudicación

O contrato adxudicarase á proposición que oferte a mellor relación calidade-prezo na execución do contrato, avaliada mediante a aplicación dos seguintes criterios de adxudicación: memoria de traballo, procedementos intervídos, prezo, manuais publicados, formación recibida e impartida.